Nº 15 Tempada 17/18
EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
DDDDDD
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966



Foto @patmas16

Ameaza no Pazo

ARABERRI BASKET CLUB
VITORIA★GASTEIZ

ENTREVISTA Gary McGhee




DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE · Concello de Lugo · HYUNDAI DITRAMOTOR · CAIXA RURAL GALEGA · polusa · Estrella Galicia · CANDELAS · DEPUTACIÓN DE LUGO · hummel

ARABERRI BASKET CLUB
VITORIA★GASTEIZ

O rival



10 JON IÑIGO AGIRRE MUÑOZ
Alero
28/04/1998
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 183 cm



15 MARTIN BUESA AZURMENDI
Pívot
24/08/1988 Vitoria-Gasteiz (Álava)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 204 cm



33 LEO CIZMIC
Ala pívot
17/12/1998
Nacionalidad: CROACIA
Altura: 205 cm



3 JOHN ANDREW DEE
Escolta
04/11/1992
Nacionalidad: ESTADOS UNIDOS
Altura: 183 cm



4 KEDAR JAMAL EDWARDS
Alero
20/01/1993
Nacionalidad: GUYANA
Altura: 196 cm



11 ASIER GORDO CAÑO
Escolta
06/10/1992
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 180 cm



30 DANIEL LORENZO NEGRETE
Base
24/01/1993
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 181 cm



99 NEMANJA MITROVIC
Alero
27/07/1990
Nacionalidad: BOSNIA-HERZERGOVINA
Altura: 198 cm



- JABULANI JABARI NEWBY
15/08/1991
Nacionalidad: JAMAICA
Altura: - cm



- ADAM PECHACEK
19/02/1995
Nacionalidad: R. CHECA
Altura: - cm



9 FEDERICO UCLES BELMONTE
Ala pívot
02/05/1993
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 204 cm



2 ALEC MARTIN WINTERING
Base
26/04/1995
Nacionalidad: ESTADOS UNIDOS
Altura: 183 cm



ADESTRADOR
ANTONIO PEREZ CAINZOS
22/06/1974 Ferrol (A Coruña)

SÁENZ HORECA ARABERI

- O conxunto vasco chega a Lugo tras vencer a Lleida (93-84), na décima posición e buscando entrar en play off.
- Facilidade para correr ao contraataque e boas porcentaxes en tiro de 3 puntos.
- Xogan moito o pick&roll para que o base xere xogo con moita efectividade.
- Ollo a Winterling, un dos mellores bases da competición, e ao perigo xerado polo escolta John Dee.

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

5 FINAIS

Para cumprir un soño

01/04/2018
18:00h

CAFES CANDELAS BREOGAN — SÁENZ HORECA ARABERRI

06/04/2018
20:45h

CB. CLAVIJO — CAFES CANDELAS BREOGAN

13/04/2018
20:45h *

CAFES CANDELAS BREOGAN — SAMMIC HOSTELERIA

*PENDENTE DE CONFIRMACIÓN. POSIBLE CAMBIO A DOMINGO 15 PORTV

20/04/2018
21:00h

LEYMA CORUÑA — CAFES CANDELAS BREOGAN

27/04/2018
21:00h

CAFES CANDELAS BREOGAN — UNION BALONCESTO OVIEDO



JOSE MIRAGAYA

Preparador Físico do líder

Un vicio: O esquí e a pesca

Unha virtude: A honradez

Un defecto: Nalgunha ocasión ser algo deixado

Un medo: A morte

Unha manía: Non me considero maniático

Cando ve unha foto súa pensa: Outra vez despeiteado!

Como era de neno? Traste e falangueiro

Algo sen o que non podería vivir: Os meus seres queridos

Algo que deteste: Ás persoas que teñen un ego meirande que a súa intelixencia

Alguén a quen admire: As persoas que me axudaron a medrar persoal e profesionalmente de xeito desinteresado

O mellor momento do día: Cada momento do día ten o seu encanto, pero os que comparto coa miña familia son especiais

Unha comida: Por sorte estou rodeado de grandes cociñeiras e eu son un bo lambón. Non podo dicir unha soa.

Que sabe cociñar? De todo... son apaixoado da cociña.

Un recuncho de Lugo: O sendeiro do Río Miño

De non ser preparador físico sería... Faría calquer traballo relacionado co deporte

Que música escoita? Pop - Rock dos 80 e 90

Primeira lembranza nisto do baloncesto:
Xogando na canastra que HABÍA diante da miña casa... agora hai unha praza inclinada que se usa para poñer os palcos das orquestras o día da festa

Cal é a xogada perfecta? A que remata en canastra






Asistencia ou canastra? Asistencia

O final perfecto: Cunha vitoria

Como lle gustaría ser lembrado no futuro? Ser lembrado xa sería un éxito, para ben ou para mal, significaría que algo fixen

Que pregunta bota en falta neste cuestionario? Este ano si, non?

OS IMPRESCINDIBLES DE MIRAGAYA




Lectura: MEMORIAS DUN NENO LABREGO

En 1961 Neira Vilas publicaba en Buenos Aires unha das obras máis lidas e traducidas da literatura galega.
« Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén...»

Cine: EL GOLPE (The Sting- 1973)

Paul Newman e Robert Redford nunha obra mestra que levou sete Oscar. Ambientada na Gran Depresión, dous timadores buscan vingar a morte dun vello amigo.




Lugo, Breo, e viceversa



Unha cidade nunha Reserva da Biosfera

Poucas urbes no mundo poden presumir delo e Lugo a única capital ibérica que goza deste privilexio. A miúdo distinguimos a Lugo pola súa condición de cidade bimilenaria, por ser a primeira capital de Galicia, pola súa muralla única no mundo, ou pola enorme cantidade de vestixios históricos cos que conta no seu haber. Pero menos veces é mencionada outra condición que distingue á urbe lucense a nivel europeo e case mundial... o ser unha cidade (e de 100.000 habitantes) situada dentro dunha Reserva da Biosfera UNESCO.

Terras do Miño foi declarada no ano 2002 como "unha paisaxe cultural tradicional con moitos hábitats naturais de gran importancia" e está considerada a segunda reserva máis grande de toda a Península Ibérica. Tamén é unha das que teñen unha maior densidade de poboación e unha maior cantidade de patrimonio histórico: dentro dela atópanse 3 Patrimonios da Humanidade (Muralla Romana, Camiño Francés e Camiños do Norte) e 2 bens declarados dentro dos Camiños (as catedrais de Lugo e Mondoñedo).



Segundo as bases de datos, 123 especies animais diferentes concéntranse neste territorio. As aves son o grupo predominante, pero non o son menos tanto os mamíferos, como os reptís, anfibios, peixes e invertebrados.





É tamén destacable o número de especies vexetais: a reserva inclúe un gran número de especies protexidas tanto pola normativa comunitaria (Directiva Hábitat), nacional (Catálogo Nacional de Especies Ameazadas) e autonómica (Catálogo Galego de Especies Ameazadas). Terras do Miño, un privilexio e un atractivo máis da cidade amurallada...



GUIDO ÁLVAREZ PARGA @guidoalvarezp
Guía Oficial de Turismo de Galicia e axente de viaxes en Galicia Infinita

Subtítulo

GARY McGHEE



Por Alberte López Muñiz

Un dos grandes «cincos» que pasaron polo Breogán nos últimos tempos. Unha forza da Natureza que vestiu a celeste na quela grande tempada 2014/2015

Tiveches moitos equipos na túa curta carreira. Formacheste nos EE.UU. e despois comezaches a xogar en Europa. Como foi dar este paso?
Vir xogar ao baloncesto en Europa foi moi bo para min persoalmente. Tiven moitas experiencias grandes no estranxeiro. O baloncesto éo todo en moitos países europeos.

Estiveches nalgunhas ligas de verán. Pensas que tiveches algunha opción de xogar na NBA?
Xoguei en 3 ligas de verán da NBA. Foi unha grande experiencia. Fun a uns cantos mini camps pero nunca estiven nun plantel da NBA. Tiven uns cantos equipos que me quixeron alí na G League, pero preferín seguir xogando e mellorando en Europa.

Viñeches a Lugo despois de xogar en Kosovo. Como lembras o momento no que asinas en Lugo?
Lembro que cando asinei en Lugo non sabía que esperar de xogar nunha segunda división por primeira vez na miña carreira. Foron tempos duros para min indo ao meu cuarto equipo do ano, e resultou ser un rexurdimento para a miña carreira e unha gran tempada

Eras nalgún dos momentos mellores do club, loitamos para a promoción a ACB. Como foi esa tempada para Gary McGhee ?
Esa foi a tempada da que mellor recordo gardo ate agora na miña carreira. Loitamos ata o último encontro para subir á ACB. Coido que tiñamos un equipo realmente bo.


E que lembras da túa estancia en Lugo?
Lugo ten uns dos mellores afeccionados do mundo. A cidade era boa para min. Aí á xente encántalle o baloncesto e merecen un equipo ACB. Aínda hoxe desexo que puideramos telo acadado.

E **sobre os teus compañeiros?**
A composición do noso equipo era realmente boa. Xogamos de forma solidaria e ca intención de gañar cada partido . Tamén o corpo técnico fixo un gran traballo preparando cada encontro.

Es un xogador moi forte, quizais o máis forte que vin recentemente xogando co Breogán. Como te defines como xogador?
Diría que teño unha forte presenza na pintura, en ambos lados da cancha. Son un bo defensor e reboteador, e son bo finalizando pick and rolls.

Despois de Lugo, fuches a Grecia e Alemaña. Foi Breogán un bo sitio para relanzar a túa carreira, por que?
Lugo foi un gran sitio para relanzar a miña carreira. Ser un xogador importante no equipo axudoume a conseguir un nivel máis alto de confianza. Sabía que o meu equipo contaba comigo cada noite. Tamén axudou moito gañar tantos partidos.







Como está indo a tempada actual para ti e o teu equipo?
Xogo no Kymis na A1 grega, a tempada está indo ben. Estamos loitando por unha praza de playoff

Regresaches por España, ou está nos teus plans?
Encantaríame volver para xogar en España na ACB , unha das mellores ligas do mundo.

Es ao día da situación do Breogán?
Si, reviso as clasificacións de cando en vez, están facéndoo moi ben esta tempada, e van líderes.

a nova tele de R é un canón

envía contidos do teu móbil á tele

grava ata 350 horas dos teus programas favoritos

apps · 4k · ultravelocidade · rebobina



novateleR.gal
1445

anunciante R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U A-15474281 Real 85 A Coruña



O son do PAZO

Din que a música é a banda sonora da nosa vida, e de seguro moitos dos nosos momentos levan título e artista. É posible que os esquezamos, pero se escoitamos algún acorde desa canción, veñan irremediablemente a nosa cabeza ese lugares, eses recordos. Algo así sucede cando pisamos o Pazo, o noso pazo que tantos momentos históricos nos regalou, e moitos deles, cunha canción de fondo.

Esos bufandeos con "I Will Survive", esa saida de vestiarios con "The Final Countdown" e os tempos mortos con "Eye of the Tiger" ou "Rock'n Roll" de Gary Gitler forman parte da nosa hemeroteca musical.

Son tantas e tantas as cancións que soaron no Fogar de Breogán, que non queremos que pasen a historia como eses casettes que temos na casa e, hoxe en día, solo sirven como elemento decorativo vintage.

Compartamos os nosos recordos, enchamos twitter da nosa particular banda sonora co voso momento e a vosa canción.

#bsodopazo (a banda sonora do pazo) @cbbreogan

Héctor González López

@im_knoxdj @im.knox





ALGO QUE CELEBRAR?

O QUE QUEIRAS, COMO QUEIRAS,
CANDO QUEIRAS

WWW.PAPRICA.ES

